| CA1.3 - Valorar, no desenvolvimento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas. | Coñece a natureza relixiosa e social do ser humano e a súa dignidade. Mostra actitudes cívicas e de cooperación na construcción social da democracia. Recoñece a dimensión social da dignidade e os dereitos humanos. | | |
| CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles soluciones á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións. | Describe os retos políticos e económicos. Comprende a superación dainxustiza e a violencia. Identifica a proposta do Evanxeo para a construcción da casa común, a cultura do encontro, o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión de todos. Analiza os desafíos democráticos e socioeconómicos. | TI | 100 |
| CA1.10 - Valorar a experiencia cristiá manifestada en Xesucristo e en tantas testemuñas ao longo da historia, como resposta plena ás cuestións vitais e de sentido, en diálogo interdisciplinar con propuestas filosóficas diversas. | Coñece a experiencia relixiosa cristiá polos relatos bíblicos. Coñece as diversas relixións e os seus personaxes destacados. Comprende o diálogo do cristianismo coa filosofía e a ciencia. Diferencia as oportunidades da experiencia relixiosa como proposta de plenitude. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristiá. - A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa. - Diálogo fe-razón e fe-cultura. - O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas. - Humanismo cristián: Xesucristo, salvación e modelo de humanidade plena. |

Contidos

- Inserirse criticamente na sociedade.
- Valores sociais, pensamento crítico e proxecto persoal e profesional.
- Principios fundamentais da doutrina social da Iglesia (DSI).
- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecolóxicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.
- Proxectos sociais e de promoción humana da Iglesia, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 7 | ODS, | 4 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.2 - Recoñecer os elementos esenciais dun proxecto vital en clave vocacional e profesional desde a autonomía, a liberdade e a responsabilidade social, cunha actitude sincera de procura da verdade, tendo en conta a proposta cristiá e os valores sociais. | Recoñece os elementos dun proxecto persoal. Realiza un proxecto vital para unha cidadanía democrática, con liberdade e responsabilidade. Coñece as propostas da antropoloxía cristiá e o seu ensino social para un proxecto de vida persoal. Participa na construcción dunha sociedade xusta e equitativa. | TI | 100 |
| CA1.3 - Valorar, no desenvolvemento da identidade persoal, a pertenza a múltiples esferas sociais, promovendo compromisos de respecto á diversidade e inclusión en sociedades democráticas. | Coñece a natureza relixiosa e social do ser humano e a súa dignidade. Mostra actitudes cívicas e de cooperación na construcción social da democracia. Recoñece a dimensión social da dignidade e os dereitos humanos. | | |
| CA1.4 - Distinguir os principios fundamentais da mensaxe social cristián, contrastándooos con outros humanismos e ideoloxías contemporáneas, aplicándooos a diferentes situacións sociais. | Distingue e contrasta os principios da mensaxe social cristián. Valora a xestión da liberdade persoal e as relacións coas pertenzas nas que estamos integrados. Analiza as propostas morais do pensamento cristián. Participa na resolución pacífica e positiva de conflitos. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|----|---|
| CA1.5 - Describir os retos políticos e económicos en contornas locais e globais, analizando as súas causas e propoñendo posibles soluciones á luz da proposta moral do Reino de Deus e doutras cosmovisións. | Describe os retos políticos e económicos. Comprende a superación da inxustiza e a violencia. Identifica a proposta do Evanxeo para a construcción da casa común, a cultura do encontro, o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión de todos. Analiza os desafíos democráticos e socioeconómicos. | | |
| CA1.6 - Deseñar proxectos persoais e comunitarios que promovan a plenitude humana e a transformación social, cultivando a responsabilidade individual, a xustiza social e a ecoloxía integral. | Asume os valores da cidadanía democrática e da ecoloxía integral. Desenvolve un compromiso persoal e social de denuncia pobreza e inxustiza. Elabora propostas sociopolíticas para incluír na casa común aos máis desfavorecidos. Contempla a experiencia relixiosa como motivación dos proxectos vitais. | | |
| CA1.11 - Recoñecer as características propias do saber teolóxico, en canto ao seu método, fontes e contido, identificando as semellanzas e diferenzas con outros saberes, en especial coa ciencia, e valorando as súas achegas éticas. | Comprende os contidos esenciais da mensaxe cristiá. Promove o diálogo intercultural e interrelixioso. Busca soluciones para a transición ecológica, dixital e a transformación social. Coñece a proposta do Evanxeo para a construcción da casa común e o coidado do planeta, a diversidade e a inclusión. | | |
| CA1.12 - Discernir os desafíos da civilización actual, establecendo as contribucións que tanto a ciencia como a teoloxía poden realizar transformación social, desde unha mutua colaboración. | Realiza un achegamento ás creanzas e valores propios da fe cristiá. Establece un diálogo entre a fe e a razón, as ciencias e as culturas. Promove o diálogo intercultural e interrelixio para a superación de fundamentalismos. Reflexiona sobre a vida plena en contextos plurais. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A vida como vocación persoal e profesional en diálogo co humanismo cristián. - Habilidades e destrezas para descubrir, analizar e valorar criticamente as diferentes pertenzas como medio de enriquecemento persoal. - A visión integral da persoa na súa dignidade e na súa liberdade segundo a antropoloxía cristián. - A vida en sociedade, condición necesaria do desenvolvemento vital da persoa. - Diálogo fe-razón e fe-cultura. |

Contidos

- Síntese da Historia da Salvación en clave relacional e trinitaria.
- O anuncio do Reino de Deus e as súas implicacións persoais, sociopolíticas e escatolóxicas.
- Método teolóxico e método científico: contidos e enfoques propios de cada disciplina.
- Relaciones ciencia e fe ao longo da historia e na actualidade.
- Diálogo fe-razón na historia da ciencia, a filosofía e a teoloxía.
- Inserirse criticamente na sociedade.
- Principios fundamentais da doutrina social da Iglesia (DSI).
- Estratexias para a análise dos principais problemas sociais, políticos, económicos e ecológicos do mundo actual, á luz da doutrina social da Igrexa e doutros humanismos.
- As relacións da Igrexa coa organización política e democrática, nos niveis locais, estatais e globais, na súa dimensión histórica e actual.
- Coñecemento e valoración das diferentes iniciativas mundiais que buscan lanzar proxectos de futuro sostible, en especial os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS).
- Proxectos sociais e de promoción humana da Iglesia, na historia e no presente, e a súa achega á inclusión social e ao ben común.
- Principais desafíos da humanidade e as súas implicacións éticas: valor da vida, xustiza, ecoloxía, transhumanismo e intelixencia artificial, etc.

4.1. Concreciones metodolóxicas

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumnado, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestiós que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respuestas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversas linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construcción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na ransformación social.

As seguintes orientacións metodolóxicas xiran en torno a dous eixes:

1. Fidelidade e respecto ó alumnado, protagonista da educación.
2. Fidelidade á mensaxe e ós contidos da educación relixiosa cristiá católica.

Seguimos o modelo que emana da concepción constructivista da aprendizaxe. Así, temos en conta os seguintes criterios:

- a. O protagonista da aprendizaxe é o alumnado, coa súa propia actividade.
- b. O que empeza unha nova aprendizaxe, faino a partir dos coñecementos que posúe.
- c. O que aprende faino establecendo relacións entre os seus esquemas mentais e os estímulos externos. Só así se logra unha aprendizaxe significativa.

Non esquecerémo-la importancia formativa que ten o traballo en grupo, indispensable para potencia-la dimensión social e comunitaria do alumnado.

Utilizaremos distintas linguaxes relixiosas: bíblica, doutrinal, litúrxica, testemuñal, para familiarizar ó alumnado con elas e responda con propiedade á utilización das mesmas.

Fomentaremos a interdisciplinariedade e a complementariedade.

O máis importante será o traballo do alumnado, de aí a importancia que daremos ó caderno de actividades e ós seus traballos, individuais e grupais. Calificaremos moi positivamente o traballo que o alumnado realice fora das horas de clase e dun xeito voluntario: Lectura-recensión de libros de lectura complementarios, realización de pequenos traballos sobre aspectos e temas a tratar.

Non pretendemos que o alumnado aprenda de memoria uns cantos conceptos; debe ter claras as nocións básicas e adquirir uns coñecementos teóricos básicos, pero sobre todo pretendemos que poña en xogo o saber adquirido nas situacións que a vida (familia, xogo, amizades, colexiño, sociedade) lle plantexa.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas de cara ás avaliación programadas, harmonizarán de forma coerente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|-----------------------|
| Recursos persoais |
| Recursos materiais |
| Recursos tecnolóxicos |
| Recursos dixitais |
| Recursos espaciais |

Recursos persoais: Formado por todos os profesionais do centro educativo, como son o profesorado titor, persoal especialista en AL e PT, departamento de orientación, etc. Ademais, hai que destacar os recursos persoais externos nos cales nos podemos apoiar, como son as familias e todas aquelas organizacións institucionais que nos axuden no noso labor como docentes.

Recursos materiais: Libro de texto de apoio e material funxible (cadernos, lapis, folios, cartolinhas...),pastas para modelar, maquetas, dicionarios, láminas de apoio visual, libros de consulta.

Recursos tecnolóxicos: ordenadores, encerados dixitais, proxectores, tabletas.

Recursos dixitais: Plataformas. Aula virtual, enciclopedias online, app para xerar mapas mentais, vídeos educativos, libros dixitais, actividades con realidade aumentada, kahoot ou plickers para realizar actividades de repaso e avaliación, entre outros. Estes recursos poden ser de utilidade para facilitar a adquisición de contidos e reforzar a aprendizaxe.

Recursos espaciais: A propia aula ordinaria, a biblioteca do centro, o patio de recreo, laboratorio de centro, aula de convivencia (para resolver aqueles conflitos que poidan xurdir), así como os diversos espazos do contorno.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao tratarse dunha materia de oferta obligatoria para o centro educativo pero de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é preciso que acredeite coñecementos previos.

Non obstante, elabóranse preguntas sobre os conocimentos relixiosos xerais e posta en común dos temas que imos desenvolver ao longo do curso, para que o alumnado se decate do que sabe, e vaian reflexionando sobre as súas ideas. Posteriormente haberá unha intervención oral sobre as súas expectativas, expoñendo temas que desexen tratar ao longo do curso.

Sempre deixando claro aos alumnos que non se evalua a súa fe, senón que se motiva a súa capacidade de pensar e razoar.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | Total |
|-------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|--------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 15 | 10 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

A nota de cada avaliação calcularase da seguinte forma:

30% corresponderá a unha avaliação con táboas de indicadores sobre os coñecementos tal como se reflicte no punto 3.3 desta programación.

50% corresponderá ao traballo, tanto individual como en grupos, realizado polo alumnado e será medido a través de rúbricas e rexistros de control.

20% corresponderá a actitude ante a aprendizaxe que valorará a participación na aula e a implicación na materia. No boletín a nota reflíctese cun número entero polo tanto se a nota supera as 5 décimas, redondearase ao número entero superior e no caso de que non chegue ás 5 décimas, o redondeo será ao entero inferior. A avaliação será aprobada cun 5 despois do redondeo.

A nota da avaliação ordinaria calcularase facendo a media das notas reais (sen redondeo) das tres avaliações que suporá o 100%

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliação do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e se facilitará que o alumnado se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos. No caso de que a media das tres avaliações non acade a nota de 5 despois do redondeo, programarase traballo encamiñado a que o alumnado supere as dificultades e poida aprobar o curso.

6. Medidas de atención á diversidade

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliação que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Fóméntanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todo o alumnado concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todo o alumnado. É dicir, trátase de contemplar a diversidade do alumnado como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos. Nos materiais do curso inclúese propostas de atención á diversidade para todos os contidos. En cumprimento do artigo 52 da orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade, elaborarase un plan específico personalizado para os alumnos que deban permanecer un ano máis no mesmo curso que incida nas dificultades detectadas no curso anterior. Debemos ter en conta á hora de levar a cabo esta programación por un lado as medida ordinarias, así como as medidas

extraordinarias, as cales se poñerán en funcionamento unha vez esgotadas as ordinarias. Así, entre as medidas ordinarias hai que ter en conta á adecuación desta programación ás características do centro e do alumnado. Por outro lado, levaranse a cabo reforzos educativos con aquel profesorado con dispoñibilidade horaria, ademais de programas de habilidades sociais para traballar a autoestima ou a empatía, o que facilitará o traballo en equipo. Por último, en canto as medidas ordinarias hai que destacar o programa de enriquecemento curricular para aquel alumnado con altas capacidades. Por outra banda, entre as medidas extraordinarias podemos atopar: adaptacións curriculares, agrupamentos flexibles, apoio do profesorado especialista en pedagoxía terapéutica ou audición e linguaxe, a flexibilización no período de escolarización, así como alumnado que no poida acudir ao centro educativo por circunstancias diversas ou unha atención educativa domiciliaria ou hospitalaria. Tendo en conta esta información sobre as medidas de atención á diversidade, levaranse a cabo aquelas que se correspondan coa diversidade da aula, como poden ser as seguintes:

- Mellorar os hábitos de estudio e as técnicas de aprendizaxe do alumnado, potenciando a adquisición das competencias a través da realización de esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Desenvolver as capacidades do alumnado tendo en conta as súas características e circunstancias familiares, como poden ser: a adaptación de medios, o uso da axenda escolar, adaptación dos tempos na realización de probas ou tarefas, uso de imaxes, aplicacións dixitais.
- Realizar actividades de reforzo para aquel alumnado que non conseguiu adquirir os contidos traballados, como poden ser o uso de imaxes ou apoios visuais.
- Deseñar actividades de ampliación para aquel alumnado que xa adquiriu os contidos, a través da relación de tarefas de aprendizaxe integradas que aborden contidos de outras materias, afondando nos coñecementos adquiridos.
- Levar a cabo actividades complementarias, as cales amplían os aspectos curriculares, como poden ser as saídas a centros de culto, visitas a museos, exposicións, charlas formativas, etc.
- Establecer colaboracións con outras institucións (Igrexa, Concello, Deputación, organizacións sen ánimo de lucro) como poden ser o emprego dos materiais aportados por fundacións como Cáritas, Mans Unidas...
- Participar en plans e programas da Consellería de Educación e outras entidades, algúns exemplos pode ser o Plans Proxecta+, entre outros.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Comprensión lectora | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - Expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - Comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - Competencia dixital | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - Emprendemento social e empresarial | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.7 - Educación emocional e en valores | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.8 - Igualdade de xénero | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.9 - Creatividade | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.10 - Formación estética | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.11 - Educación para a saúde | X | X | X | X | X | X | X |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 |
|--|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable | X | X | X | X | X | X | X |
| ET.13 - Respeito mutuo e cooperación entre iguais | X | X | X | X | X | X | X |

Observacións:

Ao traballar os mesmos descriptores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como una materia nos proxectos de interdisciplinariedad e o traballo por ámbitos. Nos propios saberes recóllese a relación de con outras disciplinas.

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descripción | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------|---|----------|----------|----------|
| Saídas culturais | Visita a centros de culto, centros de voluntariado, un museo, exposicións... | X | X | X |
| Saídas á contorna | Nas que coñeceremos o patrimonio natural, social e cultural máis próximo. | X | X | |
| Charlas formativas | Asociacións, profesionais de distintos ámbitos laborais, ou outras institucións. | X | X | X |
| Obradoiros | Relaxación e xestión de emocións, prácticas sostenibles | X | X | X |
| Conmemoracións | Recollidas no calendario escolar, como poden ser: festas do calendario litúrxico católico (especialmente Advento, Nadal, Coresma, Semana Santa e Pascua), festas propias do centro, Día Internacional da Paz, semanas culturais | X | X | X |

Observacións:

Mediante a realización de actividades complementarias e extraescolares preténdese conseguir os seguintes obxectivos:

- Ampliar o horizonte cultural do alumnado.
- Adquirir uns valores e actitudes que, como a tolerancia e o respeito, son fundamentais na convivencia. Fomentar a autonomía.
- Coñecer e familiarizarse con acontecementos culturais que habitualmente non se ofrecen nos medios de comunicación de masas.
- Conseguir mellorar as súas competencias básicas en contextos distintos. Complementar o currículo das diferentes áreas.
- Fomentar as inquedanzas culturais no alumnado e contribuír ao seu desenvolvemento mediante actividades lúdicas.
- Favorecer o desenvolvemento de temas transversais.
- Desenvolver no alumnado valores de liberdade, responsabilidade, solidariedade e espírito crítico, fomentando as súas habilidades sociais.

A Xefatura de Estudos, como responsable da observancia da disciplina no Centro, poderá excluir das actividades complementarias ou extraescolares ao alumnado que incumpra de forma grave as normas de convivencia do centro ou teña reiteración de faltas leves.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro

- Idoneidade das actividades propostas para acadar as aprendizaxes
- Adecuación do nivel de dificultade ás características do alumnado
- Incorporación das novas tecnoloxías ao proceso de ensino-aprendizaxe
- Combinación do traballo individual e en equipo de xeito eficiente
- Participación activa de todo o alumnado
- Eficacia dos procedementos e instrumentos de avaliación
- Ofrecemento ao alumnado de forma rápida dos resultados das probas
- Facilitación a cada alumna e alumno da axuda individualizada precisa
- Atención adecuada á diversidade do alumnado
- Información do proceso de ensino-aprendizaxe ao alumnado, persoa titora e familia
- Implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación
- Comunicación apropiada coa familia por parte do profesorado
- Facilitación do proceso de visualización, revisión e integración dos errores cometidos

Descripción:

Ademais dos citados indicadores de logro, poderase incluir: Se a programación se axusta ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, se está adaptada ás características do centro e do grupo, se vincula este curso co perfil de saída, os descriptores operativos e obxectivos de cada etapa, se se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe... A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planifícone a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, se tivo en conta os descriptores operativos das competencias crave e buscou o diálogo curricular con outras materias, si é adecuada aos criterios de avaliación, se tivo en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe... Se como profesorado reflexionei e avalie a miña labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (rúbricas, observación, probas escritas ou orais,), se tiven en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só a resultados de probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguemento a través da aplicación Proens, completando os datos que aparecen na aplicación. O resultado dese seguemento permitiranos confirmar ou modificar a programación no vindeiro curso.

9. Outros apartados